

Liñas de seguro	Riscos asegurables	Data inicio subscrición	Subvención C.A. Galicia	Grupo subvención Enesa
Seguro de gando vacún de alta valoración xenética		15 de xaneiro de 2008	25	IV
Seguro de explotación de reprodutores bovinos aptitude cárnica		15 de xaneiro de 2008	25	IV
Seguro para a cobertura de danos por seca en pasteiros		1 de xullo de 2008	25	IV
Seguro de encefalopatía esponxiforme bovina		15 de xaneiro de 2008	0	IV
Seguro para la cobertura de seca e incendio en apicultura		1 de outubro de 2008	25	IV
Seguro de explotación de gando ovino e cabrún		15 de xaneiro de 2008	25	IV
Seguro de explotación de gando equino		1 de febreiro de 2008	25	IV
Seguro de explotación de gando equino en razas selectas		1 de febreiro de 2008	25	IV
Seguro de explotación de gando aviar de carne		1 de febreiro de 2008	25	IV
Seguro de explotación de gando avicultura de posta		1 de febreiro de 2008	25	IV
Seguro de explotación de gando porcino (1)		1 de febreiro de 2008	25	IV
B.1.2. Seguros de retirada				
Seguro para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos na explotación (2)		15 de xaneiro de 2008	35	VI
Seguro renovable para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais bovinos mortos na explotación (2)		1 de xuño de 2008	36	VI
Seguro para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais non bovinos mortos na explotación (1) (2)		15 de xaneiro de 2008	35	VI
Seguro renovable para a cobertura de gastos derivados da destrución de animais non bovinos mortos na explotación(2)		1 de xuño de 2008	36	VI
C. Seguros para producións forestais				
C.1. Seguros en producións forestais				
Seguro forestal	Incendio e inundación, chuva torrencial e garantía de danos excepcionais	1 de marzo de 2008	0	IV

(1) A incorporación destas liñas estará condicionada á realización dos correspondentes estudos de viabilidade nos prazos previstos.

(2) Porcentaxe sobre o custo neto da póliza.

Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2008, axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais.

O Regulamento (CE) 1698/2005 do Consello, do 20 de setembro, relativo á axuda ao desenvolvemento rural a través do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) establece no seu artigo 52 a posibilidade de outorgar axudas para a creación e desenvolvemento de microempresas con vistas ao fomento do espírito empresarial e do desenvolvemento da estrutura económica.

O Regulamento (CE) 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas rexe a concesión de axudas ás pequenas e medianas empresas.

A conveniencia de repercutir no sector primario forestal os beneficios dun mercado dinámico e non intervido dos produtos da madeira, precisa non só dispor de empresas competitivas de aproveitamentos, senón que tamén sexan capaces de transmitir ao sector forestal os valores que a sociedade demanda á madeira a través do mercado.

A competencia internacional e a crecente demanda de novos requisitos cualitativos nos produtos de consumo fai prioritario o desenvolvemento e implantación de melloras nas condicións laborais, adaptacións ambientais e innovacións na xestión empresarial que permitan dinamizar a cadea comercializadora, reducir ineficiencias e adaptarse a futuros criterios exixibles á cadea de custodia. Por iso, considérase conveniente incentivar non só melloras nos medios de produción, senón tamén melloras na calidade empresarial e na organización do sector.

Coa finalidade de lograr unha boa execución dos recursos dispoñibles e asegurar a calidade dos investimentos que se subvencionan, considérase a plurianualización das axudas, penalizacións por non execución de investimentos aprobados, así como a adaptación das resolucións de axuda a modificacións dos proxectos investidores, todo iso garantindo os criterios de concorrencia competitiva aplicados na concesión das axudas e dentro do marco normativo establecido pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En consecuencia, de conformidade co previsto no artigo 30.1º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia e no uso das facultades que me confiren os artigos 7

e 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Obxecto das axudas.

Esta orde ten por obxecto establecer as bases que regulan as axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais e proceder á súa convocatoria para o ano 2008 en réxime de concorrencia competitiva.

Artigo 2º.-Investimentos subvencionables.

1) Investimentos productivos.

Poderán ser subvencionables os investimentos relativos ás operacións de aproveitamento dos produtos forestais (madeira, cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, biomasa e outros produtos forestais). No caso da madeira, biomasa e outros produtos forestais non alimentarios poderán ser subvencionables tamén os investimentos relativos ás operacións de acondicionamento e transformación.

Non se considerarán substitucións de investimentos subvencionados anteriormente, salvo diferencial de custo.

Consideraranse con carácter exclusivo os seguintes:

1.1. Bens de equipo e instalacións en empresas de recollida, manexo, comercialización e transformación de produtos forestais non madeireiros (cogomelos, castañas, plantas aromáticas e medicinais, biomasa e outros produtos forestais). No caso de produtos forestais alimentarios, non se considerarán os investimentos relativos ao acondicionamento ou transformación.

1.2. Maquinaria específica, apeiros e implementos que permitan un aproveitamento comercial da biomasa forestal: asteladoras, fendedoras de leña, empacadoras, colleitadoras ou procesadoras de biomasa.

1.3. Maquinaria, obra civil e instalacións en serras.

1.4. Equipos de seguridade.

1.5. Procesadoras, autocargadores, arrastradores forestais e outros equipos de corta e/ou saca de madeira, así como as adaptacións e implementos.

1.6. Equipos tractocargadores completos e implementos forestais destes (os tractores deberán ter cabinas adaptadas para o xiro do operario sentado, proteccións forestais en cabina, rodas e baixos, e irán dotados de guindastre, cabrestante e remolque forestal de tracción. Estas adaptacións exixiranse tamén aos tractores orientados á recollida de biomasa, limitándose o importe da máquina tractora ao 60% do valor do equipo).

1.7. Apeiros e implementos forestais que permitan un primeiro tratamento dos produtos forestais madeireiros: rozadoras, peladoras móbiles, serras móbiles e outras, en número non superior aos equipos de saca de madeira propiedade da empresa.

1.8. Góndolas, plataformas para o transporte da madeira ou biomasa, e guindastres que se instalen nelas. O número de plataformas e guindastres limitarase ao número de equipos de saca (tractocargadores

ou autocargadores) subvencionados que teña a empresa. Non se subvencionará máis dunha góndola por empresa.

1.9. Instrumentos de medición de masas forestais, en número non superior á maquinaria de saca de madeira.

1.10. Equipos informáticos ata un máximo subvencionable de 2.000 euros/empresa, descontando as axudas percibidas anteriormente por este concepto.

2) Plans e ferramentas de xestión empresarial.

Só se poderán subvencionar conxuntamente con investimentos materiais.

Poderán ser obxecto de subvención os servizos externos de diagnóstico, seguimento, certificación e execución de medidas correctoras, salvo adquisición de maquinaria, nas seguintes actuacións:

2.1. Consecución e actualización de licenzas, e adaptación das máquinas (de serras, tractocargadores e outras de explotación forestal) e instalacións á normativa de seguridade industrial e laboral.

2.2. Plans correctores e preventivos de riscos ambientais, de adaptación á normativa fitosanitaria e implantación de códigos ou normas de boas prácticas.

2.3. Implantación na empresa de ferramentas de xestión empresarial específicas da actividade para o control de custos, calidade e mantemento.

2.4. Preparación do proceso produtivo para a adaptación á cadea de custodia de madeira certificada, e/ou normativa de calidade.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Os beneficiarios deberán cumprir os seguintes requisitos:

1. Ser microempresas ou Pemes (pequenas e medianas empresas) do sector forestal radicadas en Galicia, mancomunidades de montes ou comunidades de montes veciñais en man común. A condición de microempresa é a establecida no artigo 2.3º da Recomendación da Comisión do 6 de maio de 2003 sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas, que cualifica a microempresa como a que ocupa a menos de dez empregados, cuxo volume de negocios anual e/ou balance xeral anual non supera os dous millóns de euros. Considérase PEME a aquela empresa que ocupa a menos de 250 empregados e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de euros.

2. Acreditar a súa viabilidade económica mediante algunha das seguintes circunstancias:

- Disponibilidade de crédito bancario para o investimento, dun mínimo do 70% do importe deste.

- Vendas por importe superior ao triple do investimento (na declaración anual de facenda).

- Amortizacións máis beneficios superior á sexta parte dos investimentos (na declaración anual de facenda).

-Contratos de venda ou prestación de servizos por importe superior ao investimento.

-Estudo de viabilidade asinado por profesional cualificado.

3. Deberán cumprir a normativa ambiental, que se acreditará coa presentación do documento de alta no imposto de actividades económicas (IAE) (ou certificación da axencia tributaria relativa a este) e co número de rexistro de establecementos industriais, que se consignará no anexo VII nas empresas en que proceda. As mancomunidades de montes e as comunidades de montes veciñais en man común deberán ter un plan de ordenación ou plan técnico de xestión.

4. Deberán ter, polo menos, o 33% do cadro de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido. Para as empresas de nova creación abondará o compromiso de acadar, como mínimo, o 33% de estabilidade laboral ao remate do prazo concedido para xustificar o investimento. Non será necesario cumprir este requisito nas subvencións inferiores a 60.102 euros. No caso de empresas con 10 ou máis traballadores, a porcentaxe de estabilidade laboral mínima exixida é do 35%. As empresas xa existentes deberán comprometerse, igualmente, a acadar a mesma porcentaxe mínima de estabilidade laboral respecto das novas contratacións que, se é o caso, deriven do proxecto de investimento que se subvencione.

De xeito excepcional e coa debida motivación, en casos de estacionalidade da actividade ou de especiais dificultades dun sector ou dunha empresa concreta, a Comisión Delegada da Xunta de Galicia para Asuntos Económicos poderá autorizar a non exixencia da porcentaxe mínima de emprego estable para obter a consideración da axuda, do que se dará coñecemento á comisión de seguimento dos acordos de apoio á promoción.

Artigo 4º.-*Exclusionés.*

Non será subvencionable:

- a) A adquisición de terreos, edificacións e mobiliario.
- b) A adquisición de maquinaria usada.
- c) Os tributos recuperables polo beneficiario, como o IVE.
- d) A renovación de maquinaria que non implique melloras tecnolóxicas, produtivas ou de seguridade. Neste caso valorarase unicamente a diferenza de custo.
- e) Os gastos de reparación e mantemento.
- f) Os investimentos financiados mediante arrendamento financeiro ou calquera outra figura análoga.
- g) Os investimentos destinados á manipulación ou comercialización de produtos de países non comunitarios.
- h) Investimentos destinados ao comercio polo miúdo.
- i) Investimentos e actuacións con axudas financiadas con fondos comunitarios.

j) Motoserras, rozadoras manuais e outras ferramentas manuais.

k) Os investimentos iniciados antes da solicitude de axudas ao abeiro desta convocatoria e/ou sen constancia oficial de non terse iniciado con anterioridade á solicitude no caso de obra civil, instalacións ou maquinaria fixa.

Artigo 5º.-*Importe das axudas.*

Os investimentos en bens de equipo, recollidos no artigo 2º.1, terán unha subvención básica dun 35%, que poderá incrementarse ata o 45%, segundo os criterios indicados no anexo II.

Os investimentos en plans e ferramentas de xestión empresarial recollidos no artigo 2º.2 subvencionaranse cunha axuda dun 50%.

A axuda máxima por solicitante limitarase a 150.000 euros.

Artigo 6º.-*Criterios de selección.*

A concesión de axudas axustarase aos principios de publicidade, concorrencia competitiva e obxectividade, segundo o artigo 14 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Baremaranse por separado as solicitudes presentadas por microempresas e as presentadas por pequenas ou medianas empresas (Pemes).

A dispoñibilidade orzamentaria limitará o número de expedientes que se van aprobar.

Para iso, ordenarase cada un dos investimentos solicitados de maior a menor orde de prioridade e, dentro da mesma prioridade, de maior a menor puntuación, de acordo co criterio de priorización e baremo que se indica a continuación. Aprobaranse os investimentos así ordenados ata esgotar o orzamento. Os investimentos en plans e ferramentas de xestión empresarial indicados no artigo 2.2º subvencionaranse xunto cos investimentos en activos materiais, segundo estes se aproben en función do baremo. A inclusión dun investimento material como subvencionable dá dereito á inclusión como subvencionable de todos os investimentos en plans e ferramentas de xestión empresarial, que cumpran os requisitos, presentados pola mesma empresa.

A) Criterios de priorización das solicitudes:

1º Seleccionaranse os investimentos en activos fixos produtivos en serras e empresas de produtos non madeireiros, citados nos puntos 1.1 a 1.3 do artigo 2º.1, así como os equipos informáticos citados no punto 1.10 solicitados por estas empresas.

2º A continuación consideraranse os investimentos en aproveitamentos forestais indicados nos puntos 1.4 a 1.9 do artigo 2º.1 e os equipos informáticos citados no punto 1.10 solicitados por empresas de aproveitamentos forestais madeireiros.

B) Cada investimento será puntuado, dentro de cada prioridade, de acordo co baremo que se indica. A puntuación resultante será a suma da aplicación dos baremos indicados nos puntos B.1 e B.2.

B.1	Segundo o obxecto de investimento	Baremo
	Equipos informáticos	200
	Investimentos en bens de equipo de empresas de aproveitamento de produtos silvícolas non madeireiros	200
	Equipamentos completos e implementos que permitan un aproveitamento comercial da biomasa forestal: asteladoras, fendedoras de leña, empacadoras, colleitadoras ou procesadoras de biomasa	200
	Maquinaria de 1ª transformación e instalacións en serras	200
	Obra civil en serras	80
	Equipos de seguridade	190
	Instrumentos de medición de masas forestais	110
	Equipos tractocargadores completos	110
	Apeiros que permitan un primeiro tratamento no monte dos produtos forestais madeireiros: rozadoras, peladoras móbiles, serras móbiles e outras	100
	Autocargadores, arrastradores, outros equipos de corta e/ou saca de madeira e implementos forestais de maquinaria de desembosque	80
	Procesadoras forestais	60
	Implementos forestais (góndolas, plataformas, guindastres) de transporte por estrada	10
B.2	Segundo as características da empresa	Baremo
	Por cada punto porcentual de incremento de axuda, segundo o anexo II (máx. 150)	10
	Por cada unidade resultante da aplicación da seguinte fórmula: $[(V+T)/I] - 1$	10
	V: Importe de vendas da empresa, I: suma dos investimentos solicitados; T: Importe de contratos de saca (máx. 60)	
	Empresas de comercialización conxunta (dun mínimo de 3 empresarios do sector con actividade nos últimos 3 anos), mancomunidades de montes, comunidades de montes veciñais en man común.	100
	Serras con plan de actuacións integral plurianual	100
	Xerentes de idade inferior, na data de publicación desta orde, a 55 anos ou descendentes en activo na empresa	50
	Empresas con mulleres xerentes, na data de publicación desta orde	20
	Empresas situadas en concellos desfavorecidos (anexo III)	30

Artigo 7º.-Solicitudes e documentación.

Os interesados deberán presentar, na forma prevista no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificado pola Lei 4/1999, a seguinte documentación:

a) No caso de prever investimentos en obra civil ou instalacións fixas, deberá solicitar a comprobación de non inicio dos investimentos acompañando bosquejo actual das instalacións con indicación da localización do obxecto do investimento.

b) Instancia-solicitud, asinada polo representante legal ou persoa acreditada, dirixida ao conselleiro do Medio Rural, segundo modelo que figura no anexo I desta orde. A solicitude de axudas comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia.

c) Para cada investimento superior a 12.000 euros deberase achegar contrato, factura proforma ou similar de 3 provedores distintos, con indicación do prazo de entrega, salvo que, polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren. No caso de obra civil, deberase presentar esta documentación para cada investimento superior a 30.000 euros.

O investimento subvencionable elixirase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía na proposta máis económica.

Para cada investimento inferior a 12.000 euros deberase achegar contrato, factura proforma ou similar dun só provedor. No caso de obra civil, deberase presentar esta documentación para cada investimento inferior a 30.000 euros.

d) Certificación da condición de microempresa/PEME, segundo o anexo IV. Os empresarios autónomos deberán cubrir os puntos b) e) e f).

e) Declaración relativa a outras axudas solicitadas para os mesmos investimentos para os que se solicita subvención, ao abeiro desta orde segundo o anexo V.

f) Memoria onde se desenvolvan os puntos relacionados no anexo VI desta orde.

g) Ficha cos datos da empresa, segundo as distintas follas do anexo VII, con todos os datos formalizados que procedan, segundo o tipo de empresa e asinada na última folla.

h) Copia dos seguintes documentos:

-Último imposto de sociedades ou, no seu defecto, do IRPF.

-Copia cotexada do NIF ou CIF da empresa e DNI do xerente (para efectos do cómputo do baremo).

-TC1, TC2 e TC1/8 da empresa do mes de decembro de 2006 ou certificado da Seguridade Social de non ter traballadores nos réxime xeral e/ou agrario.

-Último recibo de pagamento dos autónomos da empresa.

-Documento de alta no imposto de actividades económicas (IAE) ou certificación da axencia tributaria relativa a este.

i) Documentación xustificativa da viabilidade da empresa, segundo o indicado no artigo 3º, punto 2.

j) No caso dos investimentos do artigo 2º.2 (plans e ferramentas de xestión empresarial): memoria asinada detallada do contido que se vai desenvolver.

k) No caso de empresas de acondicionado e/ou transformación de produtos silvícolas e serras: planos ou bosquejos de situación da parcela con indicación de edificación e bosquejo da obra civil, instalacións

e maquinaria existente e que se vai instalar. Os planos e bosquexos deberán estar asinados.

l) Os montes veciñais en man común deberán presentar documentación xustificativa de ter un plan de ordenación ou plan técnico de xestión e deberán estar actualizados no rexistro xeral de montes veciñais en man común, de acordo co título sétimo do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento para a execución da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común. Este dato será comprobado pola Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

m) No caso de serras que queren levar a cabo un plan de modernización da empresa, deberán presentar unha memoria técnica asinada cun proxecto de actuacións a medio prazo, onde se reflicta a situación actual da empresa e das instalacións, os obxectivos que se queren acadar e as actuacións que se van realizar, debéndose incluír obrigatoriamente a adaptación da maquinaria e instalacións á normativa de seguridade industrial, así como un cronograma das ditas actuacións e un compromiso de pór en marcha o plan.

n) No caso de obra civil ou novas instalacións: licenza municipal de actividade e, de ser o caso, licenza de obra. No seu defecto, poderán presentar solicitude de licenza no concello e informe urbanístico favorable, tendo que presentar, neste caso, a licenza xunto coa solicitude de cobramento final da subvención.

Artigo 8º.-Prazo de presentación de solicitudes e convocatorias.

As solicitudes poderanse presentar no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Artigo 9º.-Tramitación e concesión de axudas.

A tramitación corresponde á Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais.

Recibidas as solicitudes examínanse os documentos presentados. No caso de que sexan detectadas faltas ou omisións, requírirase, conforme o artigo 71 da LRXAP e PAC, ao interesado para emendar os erros ou acompañar a documentación preceptiva no prazo de dez días hábiles, téndose por desistido da súa solicitude en caso contrario, logo de resolución en tal sentido.

Todos os expedientes presentados polo mesmo solicitante serán considerados como un só para efectos de tramitación. Non se exixirá a presentación dos documentos que consten en poder da Xunta de Galicia, debendo o solicitante indicar para iso o órgano e procedemento administrativo ante o que achegou tal documentación.

A distribución das anualidades nas axudas individuais realizarase con base nas previsións de execución comunicadas polos beneficiarios no anexo VI e aos condicionantes orzamentarios indicados no artigo 13º.

A Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais, como órgano xestor, valorará as solicitudes de axuda

segundo os criterios marcados no artigo 6º, emitindo un informe con base no cal o director xeral de Montes e Industrias Forestais formulará a proposta de resolución, de acordo co establecido no artigo 21 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

O conselleiro do Medio Rural resolverá os expedientes.

A resolución individual e motivada notificarase ao interesado.

As solicitudes que, unha vez transcorridos 6 meses desde a convocatoria á que se acolleron, non tiveran unha comunicación de aprobación de axuda, poderán entenderse desestimadas, segundo o establecido no artigo 44 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, sen prexuízo da obriga legal de resolver pola Administración.

Contra a resolución aprobatoria ou denegatoria, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conselleiro do Medio Rural, no prazo dun mes, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da recepción da notificación da resolución, ou no prazo de tres meses desde que se entenda desestimada a solicitude por silencio administrativo; ou ben poderá ser impugnada directamente ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses se a resolución fose expresa.

Artigo 10º.-Procedemento de pago e xustificación.

1) O prazo de xustificación finalizará o 30 de outubro de 2008 e o 31 de maio de 2009, segundo a anualidade que corresponda. Poderase conceder prórrogas de cada anualidade, de acordo co artigo 49 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, logo de solicitude razoada realizada cunha antelación superior a dous meses antes do remate do prazo de xustificación.

2) Para a percepción dos pagos, sexan parciais ou totais, deberá presentarse a seguinte documentación:

a) Solicitude de cobramento da subvención.

b) Xustificación dos investimentos realizados mediante:

-Relación ordenada dos investimentos e os pagamentos efectuados (anexo IX).

-Copias cotexadas das facturas orixinais, así como copias cotexadas dos documentos bancarios de pagamento.

c) Certificado bancario de conta corrente.

d) Declaración do beneficiario sobre axudas solicitadas, concedidas e/ou obtidas para os mesmos investimentos, segundo o anexo V.

e) No último pagamento achegaranse os seguintes documentos:

e.1 Memoria (anexo VIII), indicando as actuacións executadas, as medidas correctoras implantadas e a importancia destas na actividade futura da empresa.

e.2 Actualización da ficha cos datos da empresa, segundo o anexo VII da orde.

e.3 Xustificantes das accións recollidas no anexo II que se presentaron para incrementar a porcentaxe de axuda.

e.4 Informe oficial da Seguridade Social de vida laboral da empresa dende o inicio do ano no que se solicitou a axuda ata a data de xustificación final dos investimentos, coa relación de traballadores e as datas de alta e baixa, ou certificado de non ter traballadores se é o caso. Presentarase para os réximes xeral e agrario.

e.5 Últimos recibos dos autónomos da empresa anteriores á xustificación do cobramento.

f) Específicas dos investimentos obxecto de subvención:

f.1 Plans e ferramentas de xestión empresarial: para o pagamento final presentarase informe de seguimento do plan con detalle das accións correctoras.

f.2 Maquinaria móbil: certificado de homologación (ou, no caso de vehículos de rodas, ficha técnica e permiso de circulación) do conxunto máquina base - modificacións- apeiros instalados, e seguro do vehículo ou de responsabilidade civil da empresa con indicación expresa do vehículo. Ademais, deberase presentar a mesma documentación dos equipos do mesmo tipo subvencionados anteriormente ou dos que os substituíron.

f.3 Vehículos e implementos de transporte de madeira por estrada: documentación indicada no punto anterior, tanto dos bens obxecto de subvención como dos equipos de saca que condicionan a súa subvención.

f.4 Obra civil, instalacións e bens de equipo en serras e instalacións doutros produtos forestais non alimentarios: planos de planta e de distribución da maquinaria (só no caso de que haxa variacións con respecto ao reflectido nos planos presentados na solicitude de subvención), certificado de fabricación con indicación da data, nº de bastidor e homologación e certificado de conformidade coa normativa ambiental e de seguridade industrial vixente das instalacións/modificacións realizadas. No caso de obra civil e novas instalacións, deberán achegar a licenza municipal e a de obra se non foron achegadas na solicitude de subvención.

3) Unha vez comprobada a documentación presentada e realizada a inspección comprobatoria de execución dos investimentos subvencionados, a Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais emitirá a correspondente proposta de pagamento.

4) De acordo co Decreto 287/2000, do 21 de novembro, polo que se desenvolve o réxime xurídico de axudas e subvencións públicas na Comunidade Autónoma de Galicia, poderanse realizar pagamentos parciais. Os pagamentos parciais non superarán o 80% da subvención concedida.

5) Os pagamentos parciais, cando a axuda total supere os 30.000 euros, serán garantidos mediante aval bancario ou de entidade aseguradora suficiente, que se depositará por tempo indefinido a disposición da Consellaría do Medio Rural na Tesouraría Xeral da

Xunta de Galicia. O referido aval garantirá a cantidade anticipada máis os xuros, calculados ao xuro legal do diñeiro vixente no momento da concesión e por un prazo que medie entre a data de solicitude e, como mínimo, dous meses tras o remate do prazo de xustificación previsto. O certificado de depósito de aval bancario devolveráselle ao interesado, unha vez se comprobe, mediante inspección *in situ*, a realización material do obxecto da subvención, así como as restantes condicións da subvención. Estes avais poderán ser liberados no suposto de que se constituían para pagamentos parciais correspondentes a fases ou partes do investimento susceptibles de avaliación independente e se comprobe a realización do investimento.

6) O pagamento da porcentaxe adicional aos investimentos en activos produtivos, recollido no artigo 5º, queda condicionado á execución das accións que incrementan a axuda e ao seu seguimento por parte da empresa.

Artigo 11º.-Posibilidade de modificación da resolución e reintegros da axuda.

1) Se no transcurso da tramitación do expediente de axudas, o solicitante precisara introducir modificacións a este, solicitará autorización da Consellaría do Medio Rural, xustificando as razóns do cambio e acompañando a oportuna actualización do expediente que recolla as variacións do proxecto orixinal. Poderanse modificar as resolucións individuais de axuda, sempre que os novos elementos e circunstancias que motivan a modificación cumpran cos criterios de selección aplicados para a concesión das axudas, sen que poida supor discriminación a terceiros.

A modificación realizarase mediante resolución do conselleiro do Medio Rural, previa instrución do correspondente expediente de modificación e proposta motivada do director xeral de Montes e Industrias Forestais, aplicando os criterios de selección do artigo 6º.

2) No caso de incumprimento das condicións establecidas nesta orde e as indicadas na resolución de concesión de subvención, procederase á anulación da axuda, así como nas circunstancias previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Se o beneficiario percibira pagamentos parciais e a execución parcial non cumprira os obxectivos iniciais previstos ou as accións do anexo II comprometidas, así como as condicións da resolución, procederase á tramitación do expediente de reintegro da subvención percibida máis os xuros de demora.

3) No caso de que se xustificasen investimentos por menor importe do aprobado, a subvención que se vai pagar será proporcional aos investimentos xustificadas, sempre que estes sexan susceptibles de avaliación independente e cumpran os fins previstos inicialmente.

Aplicarase unha penalización equivalente ao 20% da axuda correspondente aos investimentos non xustificadas, salvo que o beneficiario comunique a imposibilidade de executar estes investimentos cunha

antelación superior a dous meses antes do remate do prazo de execución non prorrogado.

Esta penalización aplicarase tamén para as accións do anexo II non xustificadas.

4) No caso de que o importe xustificado polo beneficiario na solicitude de cobramento supere en máis dun 3% o importe da comprobación final realizada por dous funcionarios da Consellería do Medio Rural, reducirase a maiores a axuda a percibir resultante da comprobación final na diferenza entre ambos os importes. Non obstante, non se aplicará ningunha redución se o beneficiario pode demostrar que non é responsable da inclusión do importe non subvencionable.

5) Se se descubre que un beneficiario efectuou deliberadamente unha declaración falsa, o expediente de que se trate quedará excluído da axuda do Feader e recuperaranse todos os importes que foran aboados polo dito expediente. Ademais, o beneficiario quedará excluído da axuda para a medida en cuestión durante o exercicio do Feader de que se trate e durante o exercicio do Feader seguinte.

Artigo 12º.-*Controis.*

1) A Consellería do Medio Rural realizará os controis sobre o terreo e os controis administrativos previstos no Regulamento (CE) nº 1975/2006, como mínimo dun 5% dos expedientes aprobados, así como as comprobacións e inspeccións que considere oportunas co fin de comprobar a veracidade dos datos e da documentación presentada, así como o lóxico seguimento e control das axudas concedidas, en especial a contabilidade e/ou a xestión técnico-económica da maquinaria.

2) O beneficiario someterase ás actuacións de comprobación e control financeiro dos investimentos subvencionados por parte da Consellería do Medio Rural, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Consello de Contas e o Tribunal de Contas, así como das instancias comunitarias de control respecto das operacións cofinanciadas con Feader.

3) Seralles de aplicación ás axudas recollidas nesta orde, o referido a controis sobre o terreo, así como o réxime de controis, reducións e exclusión reguladas no Regulamento (CE) 1975/2006 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (CE) nº 1698/2005 do Consello no que respecta á aplicación dos procedementos de control e a condicionalidade en relación coas medidas de axuda ao desenvolvemento rural.

Artigo 13º.-*Distribución do orzamento.*

As axudas fixadas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias dos orzamentos xerais da comunidade autónoma:

Microempresas: aplicación orzamentaria 11.06.713B.770.0, código de proxecto 2007/00/464, con 3.085.558.81 euros para o ano 2008 e 2.914.441,19 euros para o ano 2009.

Pemes: aplicación orzamentaria 11.06.713B.770.0, código de proxecto 2008/00/394, con 1.000.000 euros para o ano 2008 e 2.100.000 euros para o ano 2009.

Este orzamento pode verse incrementado con fondos comunitarios, do Estado ou da Comunidade Autónoma.

Esta orde tramítase conforme o establecido na orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro de 1998, modificada polas ordes do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001, relativa á tramitación anticipada de expedientes de gasto, polo que queda condicionada a súa eficacia a que exista crédito adecuado e suficiente nos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o vindeiro ano 2008, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia, e en trámite parlamentario actualmente.

Artigo 14º.-*Infraccións e sancións.*

En materia de infraccións e sancións será de aplicación o disposto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 15º.-*Alteración de condicións.*

Toda alteración das condicións consideradas na concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 16º.-*Obrigas.*

1) O beneficiario da axuda está obrigado a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas, o Consello de Contas e instancias comunitarias de control e fiscalización no caso de operacións cofinanciadas con fondos comunitarios, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das axudas.

2) O beneficiario non poderá substituír os equipamentos subvencionados anteriormente polos equipos obxecto de subvención e deberá manter os investimentos subvencionados e os requisitos que condicionaron a obtención da axuda, durante un período mínimo de 5 anos, contados desde a data da resolución de concesión da subvención.

Artigo 17º.-*Información e publicidade.*

Conforme o establecido no artigo 58 e no anexo VI do Regulamento (CE) 1974/2006 o beneficiario das axudas deberá cumprir coa normativa sobre información e publicidade das axudas do Feader indicadas no anexo VI do referido regulamento. En particular, no caso de investimentos subvencionados cun custo total superior a 50.000 €, o beneficiario deberá colocar unha placa explicativa na que figurará unha descrición do proxecto, así como a bandeira europea e o lema «Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural: Europa inviste nas zonas rurais»

Disposicións adicionais

Primeira.-As axudas serán incompatibles con calquera outra destinada para os mesmos fins que teña

fondos comunitarios. Serán compatibles con outras con fondos non comunitarios ata un máximo de subvención global do 45% do custo do investimento.

Segunda.-No non previsto nesta orde, haberá que aterse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos regulamentos (CE) 1974/2006, (CE) 1975/2006 e (CE) 1698/2006 do Consello.

Terceira.-De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa páxina web oficial as concesións das axudas reguladas nesta orde, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

Cuarta.-De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

Quinta.-Tanto esta convocatoria como as bases quedan condicionadas á aprobación do Programa de

Desenvolvemento Rural de Galicia 2007-2013 pola Comisión e ás eventuais modificacións que poida sufrir o documento de programación como consecuencia do exame e aprobación do programa pola Comisión, así como a comunicación da axuda con cargo ao Regulamento (CE) 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001 relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE ás axudas estatais ás pequenas e medianas empresas.

Sexta.-Estas axudas axustaranse ao establecido no Regulamento CE nº 70/2001 da Comisión, do 12 de xaneiro de 2001, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado ás axudas estatais as pequenas e medianas empresas.

Disposicións adicionais

Primeira.-Facúltase o director xeral de Montes e Industrias Forestais para ditar cantas disposicións complementarias estime oportunas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de decembro de 2007.

Alfredo Suárez Canal
Conselleiro do Medio Rural

ANEXO II

Accións e porcentaxe de incremento da axuda

Accións que incrementan a axuda (nos investimentos en activos fixos produtivos)	Incremento da axuda
Por cada curso de formación específico da actividade forestal cunha duración mínima de 20 horas, realizado por traballadores da empresa desde o 1-1-2000 (máximo 2 cursos)	1 %
Por ter contrato de prevención de riscos laborais	1 %
Por dispor de contrato de externalización das garantías dos traballadores	1 %
Por dispor de seguro de responsabilidade civil para a actividade obxecto de subvención	1 %
Por pertenza a asociación profesional do sector	2 %
Por ter contrato con xestor autorizado de residuos industriais	3 %
Investimentos para a comercialización e transformación de produtos silvícolas non madeireiros	4 %
Serras con instalacións e maquinaria adaptadas á normativa de seguridade industrial	3 %
Empresas con plan de adaptación da empresa á cadea de custodia	3 %
Empresas con plan de control da calidade e/ou mellora da xestión empresarial (Se está en proceso de certificación por auditor autorizado increméntase nun 1% adicional)	1 %
Mancomunidades de montes, comunidades de montes veciñais ou empresas de comercialización conxunta	5 %
Serras con plan de actuacións plurianual	5 %

Os cursos de formación deberán ter un recoñecemento oficial. Non se contabilizarán os propios dos plans de seguridade laboral. Para valorar os cursos de formación poderase achegar un compromiso mediante declaración xurada, acompañado de informe favorable da asociación sectorial ou organismo capacitado para a realización do curso. Os traballadores deberán estar en activo na empresa.

As empresas novas poderán achegar compromiso de realización das accións.

Adaptacións á normativa de seguridade industrial, plans de adaptación á cadea de custodia e de mellora da xestión empresarial: no momento da solicitude bastará contrato ou orzamento comercial da acción e memoria en detalle do contido que se vai desenvolver.

Estas accións serán comprobadas na inspección final, analizando se efectivamente foron incorporadas ao funcionamento normal da empresa. A non execución será penalizada de acordo co indicado no artigo 11.3º.

ANEXO III
LISTADO DE CONCELLOS DESFAVORECIDOS

A CORUÑA
ARANGA
ARZÚA
BOIMORTO
CAPELA, A
CEDEIRA
CERCEDA
CERDIDO
COIRÓS
CURTIS
FRADES
IRIXOA
MAÑÓN
MELIDE
MESÍA
MONFERO
ORDES
OROSO
ORTIGUEIRA
PINO, O
P. DE GARCÍA RODRÍGUEZ, AS
SAN SADURNIÑO
SANTISO
SOBRADO
SOMOZAS, AS
TOQUES
TORDOIA
TOURO
TRAZO
VAL DO DUBRA
VILASANTAR
CARIÑO

PONTEVEDRA
ARBO
CAMPO LAMEIRO
CAÑIZA, A
CERDEDO
COTOBADE
COVELO
CRECENTE
CUNTIS
DOZÓN
ESTRADA, A
FORCAREI
FORNELOS DE MONTES
AGOLADA
LALÍN
LAMA, A
MONDARIZ
NEVES (AS)
PAZOS DE BORBEN
PONTE CALDELAS
RODEIRO
SILLEDA
VILA DE CRUCES

LUGO
ABADÍN
ALFOZ
ANTAS DE ULLA
BALEIRA
BARALLA
BECERREA
BEGONTE
BÓVEDA
CARBALLEDO
CASTRO DE REI
CASTROVERDE
CERVANTES

CHANTADA
CORGO, O
COSPEITO
FOLGOSO DO COUREL
FONSAGRADA, A
FRIOL
XERMADE
GUITIRIZ
GUNTÍN
INCIO, O
LÁNCARA
LUGO
MEIRA
MONDOÑEDO
MONFORTE DE LEMOS
MONTERROSO
MURAS
NAVIA DE SUARNA
NEGUEIRA DE MUÑIZ
NOGAIS, AS
OUIROL
OUTEIRO DE REI
PALAS DE REI
PANTÓN
PARADELA
PÁRAMO, O
PASTORIZA, A
PEDRAFITA DO CEBREIRO
POL
POBRA DO BROLLÓN, A
PONTENOVA, A
PORTOMARÍN
QUIROGA
RÁBADE
RIBAS DE SIL
RIBEIRA DE PIQUÍN
RIOTORTO
SAMOS
SARRIA
SAVIÑAO, O
SOBER
TABOADA
TRIACASTELA
VALADOURO, O
VILALBA

OURENSE
ALLARIZ
AMOEIRO
ARNOIA, A
AVIÓN
BALTAR
BANDE
BAÑOS DE MOLGAS
BARBADÁS
BARCO DE VALDEORRAS, O
BEADE
BEARIZ
BLANCOS, OS
BOBORAS
BOLA, A
BOLO, O
CALVOS DE RANDÍN
CARBALLEDA DE CALDEORRAS
CARBALLEDA DE AVIA
CARBALLIÑO, O
CARTELLE
CASTRELO DE MIÑO
CASTRELO DO VAL
CASTRO CALDELAS

CELANOVA
CENLLE
CHANDREXA DE QUEIXA
COLES
CORTEGADA
CUALEDRO
ENTRIMO
ESGOS
GOMESENDE
GUDIÑA, A
IRIXO, O
XUNQUEIRA DE AMBÍA
LAROUCO
LAZA
LEIRO
LOBEIRA
LOBIOS
MACEDA
MANZANEDA
MASIDE
MELÓN
MERCA, A
MEZQUITA, A
MONTEDERRAMO
MONTERREI
MUIÑOS
NOGUEIRA DE RAMUÍN
OÍMBRA
OURENSE
PADERNE DE ALLARIZ
PADRENDA
PARADA DE SIL
PEREIRO DE AGUIAR, O
PEROXA, A
PETÍN
PIÑOR
PONTEDEVA
PORQUEIRA, A
POBRA DE TRIVES, A
PUNXÍN
QUINTELA DE LEIRADO
RAIRIZ DE VEIGA
RAMIRANS
RIBADAVIA
RÍO
RIÓS
RÚA, A
RUBIÁ
SAN AMARO
SAN CIBRAO DAS VIÑAS
CEA
SANDIÁS
SARREAUS
TABOADELA
TEIXEIRA, A
TOÉN
TRASMIRAS
VEIGA, A
VEREA
VERÍN
VIANA DO BOLO
VILAMARÍN
VILAMARTÍN DE VALDEORRAS
VILAR DE BARRIO
VILAR DE SANTOS
VILARDEVÓS
VILARIÑO DE CONSO
XINZO DE LIMIA
XUNQUEIRA DE ESPADANEDO



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

ANEXO I

UNIÓN
EUROPEA
FEADER



PROCEDEMENTO AXUDAS PARA A CREACIÓN E MELLORA DE EMPRESAS DE COMERCIALIZACIÓN E TRANSFORMACIÓN DE PRODUTOS FORESTAIS	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO MR606A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

EXPÓN:

Que á vista da convocatoria de subvencións da Orde do 28 de decembro 2007, pola se establecen as bases e se convocan para o ano 2008, axudas para a creación e mellora de empresa de comercialización e transformación de produtos forestais.

SOLICITA:

A concesión dunha subvención a fondo perdido segundo os termos sinalados na citada orde para os seguintes investimentos:

- Investimentos en obra civil, instalacións e maquinaria

Contía dos investimentos

- Plans e ferramentas de xestión empresarial

A EMPRESA SOLICITANTE É (marcar o que proceda): MICROEMPRESA PEME

Comprométome a presentar a documentación indicada no artigo 7.

DATOS DO SOLICITANTE

RAZÓN SOCIAL		CIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		CONCELLO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	TELÉFONO MÓBIL	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			
E NA SÚA REPRESENTACIÓN DON/DONA:			DNI
<input type="text"/>			<input type="text"/>

SOLICITA: (indicar si ou non) SI NON

A comprobación de non-inicio dos investimentos en obra civil e instalacións, para o cal se achegan os oportunos bosquexos ou planos de situación das edificacións e das instalacións.

De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, a Consellería do Medio Rural publicará na súa web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e da súa publicación na citada páxina web.

De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da axuda consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, de ser o caso.

<p>LEXISLACIÓN APLICABLE</p> <p><i>Orde do 28 de decembro de 2007 pola que se establecen as bases e se convocan para o ano 2008, axudas para a creación e mellora de empresa de comercialización e transformación de produtos forestais.</i></p>	<p>(Para cubrir pola Administración)</p> <p>RECIBIDO</p> <p>REVISADO E CONFORME</p>	<p>NÚMERO DE EXPEDIENTE</p> <p>_____</p> <p>DATA DE ENTRADA</p> <p>___/___/___</p> <p>DATA DE EFECTOS</p> <p>___/___/___</p> <p>DATA DE SAÍDA</p> <p>___/___/___</p>
<p>SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA</p> <p><i>Declaro que son certos os datos arriba reflectidos</i></p> <p>_____, de _____ de _____</p>		

Conselleiro do Medio Rural

ANEXO IV

CERTIFICACIÓN DA CONDICIÓ DE MICROEMPRESA PEME (marcar o que proceda)

Don/Dona _____, en calidade de _____, en nome e representación da empresa _____, con CIF nº _____ e enderezo para os efectos de notificación en _____,

CERTIFICO

- a) Que a empresa á cal represento foi constituída con data do _____, e inscrita no Rexistro Mercantil de _____, folia _____, folio _____, sección _____, libro _____
- b) Que na data de peche do último exercicio:
 - Ocupou _____ persoas (incluídos os autónomos que traballen na empresa)
 - O seu volume de negocios foi de _____ euros (impostos excluídos)
 - O importe do balance xeral anual, activo total, foi de _____ euros
- c) Que o órgano de administración da empresa está composto polas persoas e co cargo que se relacionan a continuación:

NOME	CARGO OU REPRESENTACIÓN
_____	_____
_____	_____
_____	_____

- d) 1) Que o detalle de partícipes na empresa nunha porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

NOME OU RAZÓN SOCIAL	% DE PARTICIPACIÓN
_____	_____
_____	_____
_____	_____

ou, de ser o caso,

- 2) Que non existen accionistas con participación en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto.

- e) 1) Que o detalle de participacións da empresa noutras sociedades en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

NOME OU RAZÓN SOCIAL	% DE PARTICIPACIÓN
_____	_____
_____	_____
_____	_____

ou, de ser o caso,

- 2) Que a empresa non mantén participacións en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto noutras empresas.

- f) As sociedades que participan e/ou participadas pola empresa solicitante en porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto deberán emitir certificado axustado a este modelo sobre as aíneas b), d) e e).

Os socios que participan na empresa solicitante en porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto e participan ao mesmo tempo noutra empresa do sector forestal nun 25% ou máis, deberán presentar certificado axustado a este modelo das outras empresas.

_____, de _____ de _____
 O _____
 (o que proceda segundo o seu cargo ou representación)

Asdo.:

ANEXO V

DECLARACIÓN DE AXUDAS SOLICITADAS PARA O MESMO INVESTIMENTO

CÓDIGO EXPEDIENTE

Don/Dona _____, como representante legal da empresa _____

DECLARO

Que para os investimentos para os cales se solicita subvención ao abeiro da Orde do 28 de decembro de 2007 de axudas para a creación e mellora de empresas de comercialización e transformación de produtos forestais, orzamentados en _____ euros, tense solicitado, ou ou previsto solicitar, outras axudas ao abeiro das seguintes liñas de axuda:

OBXECTO INVESTIMENTO	IMPORTE INVESTIMENTO	LIÑA AXUDAS	ORGANISMO XESTOR
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____
_____	_____	_____	_____

Declaro, así mesmo, coñecer a compatibilidade desta liña de axudas con outras con fondos non comunitarios ata un máximo do 45% do custo do investimento.

_____, de _____ de _____
 Sinatura

ANEXO VI

MEMORIA DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR

1.- DESCRICIÓN DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR

1.1: Activos fixos produtivos (artigo 2º.1):

TIPO	DESCRICIÓN: marca, modelo, potencia, capacidade produtiva, m ² , características específicas	IMPORTE

1.2: Plans e ferramentas de xestión empresarial (artigo 2º.2):

TIPO	DESCRICIÓN	IMPORTE

2.- XUSTIFICACIÓN DO ORZAMENTO:

Presentarase contrato, factura pro forma ou similar (de TRES provedores distintos para cada investimento superior a 12.000 euros ou a 30.000 euros no caso de obra civil) con indicación do prazo de entrega.

No caso de optar por unha alternativa menos económica, presentarase memoria xustificativa.

3.- ARGUMENTOS XUSTIFICATIVOS DA CONVENIENCIA DOS INVESTIMENTOS QUE SE VAN REALIZAR.

Para cada un dos investimentos previstos, explicar obxectivos e incidencia esperada dos investimentos sobre algún dos seguintes aspectos:

- | | | |
|-----------------------------|-------------------------|-----------------------------------|
| a- Custos de produción, | b- Calidade do produto, | c- Capacidade de produción, |
| d- Seguridade laboral, | e- Mellora do servizo, | f- Impacto ambiental, |
| g- Fidelización do mercado, | h- Xestión empresarial, | i- Melloras na toma de decisións. |

4.- DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE DA EMPRESA.

Presentar unha memoria descritiva e detallada que inclúa os seguintes datos:

- As actividades da empresa
- Área habitual de traballo e forma de abastecemento
- Forma de venda e canles de comercialización
- Tipo de produtos comercializados.

5.- PROGRAMA DE INVESTIMENTOS E PAGAMENTO

Indicar os seguintes datos de referencia para a distribución das anualidades da axuda:

DATA	DESCRICIÓN DOS INVESTIMENTOS PREVISTOS	IMPORTE INVEST.	PAGAMENTOS PREVISTOS
30-10-2008			
31-5-2009			

6.-XUSTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS QUE INCREMENTAN A AXUDA

Presentar documentos xustificativos das accións recollidas no anexo II. A xustificación inadecuada non se computará para os efectos de incrementar a axuda. Indíquense na columna da dereita os xustificantes presentados.

- Cursos de formación específica da actividade forestal (máximo 2)	1%	
- Contrato de prevención de riscos laborais	1%	
- Contrato de externalización das garantías dos traballadores	1%	
- Seguro de responsabilidade civil para a actividade obxecto de subvención	1%	
- Pertenza a asociación profesional do sector	2%	
- Contrato con xestor autorizado de residuos industriais	3%	
- Investimentos para produtos silvícolas non madeiros	4%	
- Serras con instalacións e maquinaria adaptadas á normativa de seguridade industrial	3%	
- Plan de adaptación da empresa á cadea de custodia	3%	
- Plan de control da calidade e/ou mellora da xestión empresarial (se está en proceso de certificación por auditor autorizado, incrementarase nun 1% adicional)	1%	
- Mancomunidades de montes, comunidades de montes veciñais ou empresas de comercialización conxunta	5%	
- Serradoiros con plan de actuacións plurianual	5%	

7.- SUBVENCIONS RECIBIDAS ANTERIORMENTE

(Indíquense os expedientes de axuda e investimentos subvencionados para a actividade forestal).

Nº EXPTE.	DESCRIPCION OBXECTO SUBVENCION	IMPORTE INVESTIMENTO	IMPORTE SUBVENCION

Declaro coñecer a obriga de manter os investimentos subvencionados un mínimo de CINCO anos e a imposibilidade de financiar con fondos públicos a súa substitución.

8.- XUSTIFICACION DA VIABILIDADE DA EMPRESA E DO INVESTIMENTO.

A viabilidade da empresa e do investimento é unha condición necesaria para a consideración como subvencionable. Valorarase a superación de, cando menos, un dos seguintes indicadores.

Para a xustificación da viabilidade presentarase copia dos documentos xustificativos.

INDICADOR	VALOR	OBS
Crédito bancario		1
Vendas		2
Amortizacións + Beneficios		3
Contratos		4
Estudo viabilidade		5

1- Disponibilidade de crédito bancario para o investimento, dun mínimo do 70% do importe deste.

2- Vendas (V) por importe superior ao triplo do investimento (I): (V>3I).

3- Amortizacións (A) máis beneficios (B) superior á sexta parte dos investimentos (I): (A+B>I/6)

4- Contratos (T) de venda ou prestación de servizos por importe superior ao investimento (I): (T>I)

5- Estudo viabilidade asinado por profesional cualificado

9.- DECLARACION DE NON SER UNHA EMPRESA EN CRISE

Don/Dona , como representante legal da empresa

DECLARO que a dita empresa non está en crise de acordo coa definición establecida nas directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e de reestruturación de empresas en crise (DO C 244 do 1-10-2004, p. 2)

10.- DECLARACION DE EMPREGADOS

Don/Dona , como representante legal da empresa

DECLARO que a distribución de traballadores na empresa é tal como se reflicte no cadro inferior.

ACTUALMENTE			AO FINAL DO INVESTIMENTO (PREVISIÓN)		
Autónomos	Fixos	Temporais	Autónomos	Fixos	Temporais
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Se a subvención supera os 60.102 euros, comprométoe a manter a porcentaxe mínima do 33% de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido (35% no caso de empresas con 10 ou máis traballadores).

Declaro que todos os datos que figuran nesta memoria son certos, e comprométoe a presentar a documentación que sexa necesaria para a súa comprobación.

_____, de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO VII

DATOS XERAIS*

DATOS DA EMPRESA ¹

NOME		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		CONCELLO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	Nº ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS	CAPITAL SOCIAL	VOL. NEGOCIO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
BALANCE ANUAL			
<input type="text"/>			

DATOS DO ESTABLECEMENTO INDUSTRIAL

NOME		PÁX. WEB	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		CONCELLO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	FAX
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
CORREO ELECTRÓNICO			
<input type="text"/>			
REPRESENTANTE LEGAL		CARGO	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
RÉXIME DE PROPIEDAD	ANO DE INICIO DA FÁBRICA	Nº DCE	Nº REXISTRO ESTABLECEMENTOS INDUSTRIAIS
<input type="checkbox"/> PROPIO <input type="checkbox"/> ARRENDADO	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

PERSONAL ²	FIXO	EVENTUAL	AUTÓNOMO
DIRECTIVOS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
ADMINISTRAT.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
OP. FÁBRICA	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
OP. EXPLOTAC.	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
OP. TRANSPORTE	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
COMERCIAIS	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
TOTAL	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

ACTIVIDADES DA EMPRESA	PRODUCCIÓN MÁXIMA DIARIA ³
EXPLOTACIÓN FORESTAL	<input type="text"/> T/DÍA
SERRADO DE MADEIRA	<input type="text"/> m ³ /DÍA
FABRICACIÓN DE TARIMAS, FRISOS E PARQUÉS	<input type="text"/> m ³ /DÍA
OUTROS (INDICAR)	<input type="text"/>

HORAS DE TRABALLO		(h/día)
VERÁN	FÁBRICA	<input type="text"/>
	EXPLOTACIÓN FORESTAL	<input type="text"/>
INVERNO	FÁBRICA	<input type="text"/>
	EXPLOTACIÓN FORESTAL	<input type="text"/>
Nº DÍAS/ANO		<input type="text"/>

CONSUMO ANUAL DE ENERXÍA ⁶	
ELÉCTRICA (kwh)	<input type="text"/>
FUEL ÓLEO E GASOLINA (l)	<input type="text"/>
GAS (m ³)	<input type="text"/>
RESIDUOS FORESTAIS (m ³)	<input type="text"/>

POTENCIA INSTALADA	
POTENCIA ELÉCTRICA CONTRATADA (kw)	<input type="text"/>
XERADORES ELÉCTRICOS (kw)	<input type="text"/>
XERADORES DE VAPOR (kcal/h)	<input type="text"/>

PARCELAS E EDIFICACIÓN ⁴	
SUPERFICIE TOTAL PARCELAS (m ²) ⁵	<input type="text"/>
SUPERFICIE TOTAL CUBERTA (m ²)	<input type="text"/>
FABRICACIÓN	<input type="text"/>
ALMACÉN MATERIA PRIMA	<input type="text"/>
ALMACÉN PRODUCTOS	<input type="text"/>
PENDELLOS E SERVIZOS	<input type="text"/>
OFICINAS	<input type="text"/>
SECADOIROS	<input type="text"/>
OUTROS	<input type="text"/>

SECADOIROS DE MADEIRA	
CAPACIDADE NOMINAL DE SECADO	<input type="text"/>
Nº DE SECADOIROS	<input type="text"/>
FORTE TÉRMICA ⁷	<input type="text"/>
CAPACIDADE CALORÍFICA INSTALADA	<input type="text"/>

* INSTRUCCIÓNS Débense cubrir tantos formularios como establecementos industriais teña a empresa

¹ Todos os datos se refiren ao último exercicio

² Indíquese a media ao longo do ano

³ Indicar a capacidade máxima de produción diaria da empresa en cada unha das actividades que realice

⁴ Xuntar plano de situación, plano de terreos e edificacións e planos ou bosquexo de planta e situación da maquinaria

⁵ Superficie total do terreo da industria

⁶ Suxírese contrastar os datos coas facturas dos provedores

⁷ Caldeira de gasóleo, caldeira de residuos, coxeración, bomba de calor, etc.

ANEXO VIII

MEMORIA DOS INVESTIMENTOS REALIZADOS

1.- EXPLICACIÓN DAS DIFERENZAS ENTRE OS TRABALLOS PREVISTOS E OS REALIZADOS:

Indíquense as diferenzas entre os investimentos aprobados e os xustificadas (custo e datos técnicos de capacidade)

APROBADO		EXECUTADO		
OBXECTO	IMPORTE	OBXECTO	IMPORTE	Obs.
TOTAL		TOTAL		
Obs.	EXPLICACIÓNS E XUSTIFICACIÓN DAS DIFERENZAS			

2.- OBXECTIVOS ACADADOS COS INVESTIMENTOS

Explicar os obxectivos acadados nalgún dos seguintes conceptos:

- | | | |
|----------------------------|------------------------|----------------------------------|
| a- Custos de produción | b- Calidade do produto | c- Capacidade de produción |
| d- Seguridade laboral | e- Mellora do servizo | f- Impacto ambiental |
| g- Fidelización do mercado | h- Xestión empresarial | i- Melloras na toma de decisións |

3.- XUSTIFICACIÓN DAS ACCIÓNS QUE INCREMENTAN A AXUDA

Indicar cun X as accións de incremento de axuda presentadas na solicitude de subvención (ou compromisos) e as que se xustifican na solicitude de cobramento, así como as observacións que se crean oportunas ao respecto

ACCIÓN INCREMENTO	%	Valorada na solicitude de subvención	Xustificada na solicitude de cobramento	OBSERVACIÓNS
Cursos de formación específica da actividade forestal (máximo dous)	1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Contrato de prevención de riscos laborais	1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Contrato de externalización das garantías dos traballadores	1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Seguro de responsabilidade civil para a actividade obxecto de subvención	1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Pertenza a asociación profesional do sector	2	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Contrato con xestor autorizado de residuos industriais	3	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Comercialización e acondicionamento de produtos silvícolas non madeiros	4	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Serradoiros con instalacións e maquinaria adaptadas á normativa de seguridade industrial	3	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Plan de adaptación da empresa á cadea de custodia	3	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Plan de control da calidade e/ou mellora da xestión empresarial (Se está certificado por auditor autorizado, incrementase nun 1% adicional)	1	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Mancomunidades de montes, comunidades de montes veciñais ou empresas de comercialización conxunta	5	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	
Serradoiros con plan de actuacións	5	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	

4.- DECLARACIÓN DE EMPREGADOS

Don/Dona , como representante legal da empresa

DECLARO que a distribución de traballadores na empresa é tal como se reflicte no cadro inferior.

Antes do investimento			Actualmente		
Autónomos	Fixos	Temporais	Autónomos	Fixos	Temporais
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Se a subvención supera os 60.102 euros, comprométo-me a manter a porcentaxe mínima do 33% de persoal da empresa con contratos por tempo indefinido (35% no caso de empresas con 10 ou máis traballadores).

Declaro que todos os datos que figuran nesta memoria son certos, e comprométo-me a presentar a documentación que sexa necesaria para a súa comprobación.

_____, de _____ de _____

Sinatura:

